



2) *Gastos de desplazamiento en vehículo propio 0,19€/km. Los gastos de viaje, cuando se utilicen otros medios de transporte, serán abonados por el importe del pasaje correspondiente, previa presentación de la factura reglamentaria.*

3) *Retribuciones de los miembros de la Corporación:*

a) *Dedicación exclusiva. Cargo; segunda teniente alcalde, concejal delegada de Cultura, Deportes. Retribuciones, importe bruto anual: 16.670,00 € pagaderos en doce mensualidades.*

Contra la aprobación definitiva del presupuesto podrá interponerse un recurso contencioso-administrativo ante el tribunal correspondiente de la Comunidad Autónoma, en el plazo de dos meses, sin perjuicio de cualquier otro recurso.

Boborás, 31 de enero de 2019. La alcaldesa en funciones.

Fdo.: Rosa González Dopporto.

R. 269

Larouco

Resolución da Alcaldía

En uso das atribucións que me confire a vixente Lei de réxime local e competencias delegadas polo Pleno, por medio do presente anuncio acordo aprobar as seguintes:

Bases para a convocatoria para realizar contratación laboral temporal dun chofer tractor-rozadora para servizos municipais

O obxecto desta convocatoria é a regulación do procedemento para a contratación do persoal que se relaciona do Concello de Larouco

Denominación do posto de traballo; N.º dotacións; Tipo de contrato

Chofer tractor-rozadora para servizos municipais; 1; Servizo determinado xornada completa

1ª.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é a regulación do procedemento para a selección dun chofer de tractor-rozadora para servizos municipais, segundo a subvención concedida pola Deputación Provincial de Ourense en materia de axuda a empregabilidade 2019, que se describen no Anexo II das presentes bases.

As funcións a desempeñar serán as que a Alcaldía lle encomende e estean relacionadas co posto ao que opta.

O persoal contratado prestará a xornada completa.

As retribucións segundo a subvención.

A relación rexeráse pola lexislación laboral sendo de aplicación principalmente o RD 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o art. 15 do Estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, e o Convenio Colectivo do Concello de Larouco, sen prexuízo das normas administrativas que lle sexan de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas e especialmente das locais (Lei 7/2007 Estatuto básico do empregado público, Lei 7/1985 RBRL).

Para afrontar o presente gasto existe consignación orzamentaria suficiente no vixente orzamento de gastos, mediante subvención concedida.

2ª.- Modalidade de contratación.

Formalizaráselle o nomeamento ou, se é o caso, contrato baixo algunha das modalidades contractuais previstas no Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro.

3ª.- Requisitos dos/das aspirantes.

Para tomar parte os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ser español, ou nacional dun estado membro da Unión Europea, cónxuxe dun español ou dun nacional dun estado membro da Unión Europea non separado de dereito, ou estranxeiro con residencia legal en España.

b) Ter cumpridos dezoito anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato.

d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Idéntico requisito seralles esixido aos/ás nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.

e) Non estar incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

4ª.- Presentación de solicitudes.

1.- As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao señor alcalde, na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base segunda desta convocatoria.

As citadas solicitudes presentaranse no citado Rexistro (de luns a venres de 10.00 a 14.00 horas) durante o prazo de 10 días naturais, que se iniciará o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no BOP.

A presentación das solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral de documentos do Concello, ou en calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (vixente de conformidade coa disposición final sétima da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas), neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Se conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutra maneira, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta para todos os efectos.

2.- Necesariamente xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes deberán achegar:

- Fotocopia do DNI ou documento identificativo.

- Fotocopia carnet de conducir C

- A xustificación da experiencia profesional realizarase mediante certificación da empresa na que conste o posto de traballo desempeñado, ou ben certificado de empresa en modelo oficial do Instituto Nacional de Emprego, ou calquera outro certificado ou documento oficial que acredite de forma fidedigna o tempo traballado e a categoría profesional desempeñada.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras comunidades autónomas do Estado español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

5ª.- Admisión de aspirantes.

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución no prazo máximo de tres días declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta reso-



lución pub-licarase no taboleiro de edictos do Concello e será determinante para os efectos de posi-bles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

Os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de tres días, contado desde o seguinte ao da publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos da normativa de procedemento administrativo.

2.- Posteriormente, o alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos/as e ex-cluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos do concello. Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora de valoración da fase de concurso, así como a composición do tribunal cualificador.

3.- De non existir aspirantes excluídos/as, o alcalde elevará a definitiva a lista provi-sional na mesma resolución de aprobación.

6ª.- Tribunal de valoración

O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía no momento de aprobación das listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as.

Constará dun/dunha presidente/a, dous vogais e un secretario/a e haberá de cumprir os requisitos sinalados no art.60 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público e demais normativa aplicable.

Todos os vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso a praza.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte destes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 de a Lei 39/2015, notificándollo á autoridade con-vocante, ou cando realizen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/as aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

7ª.- Contido do proceso de cualificación: concurso.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos/das aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído/a, previa audiencia do interesado, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocase o proceso selectivo.

O tribunal seleccionará aos aspirantes mediante o sistema de concurso de méritos, tendo en conta o seguinte baremo.

Baremo de méritos:

A) Experiencia profesional:

Por servizos prestados e ata un máximo de 10,00 (dez) puntos:

1.Experiencia laboral en categoría idéntica en concellos. Puntuarase con 0,5 puntos por mes traballado ou fracción superior a quince días.

2.Experiencia laboral en categoría idéntica no ámbito privado. Puntuarase con 0,10 punto por cada mes traballado ou fracción superior a quince días.

- Xustificarase coa copia dos contratos correspondente.

B) Coñecemento do territorio:

Polo coñecemento acreditado do territorio: 1 punto.

Acreditarase con certificado de empadramento cunha anti-güidade mínima de seis meses.

Os méritos alegados neste apartado xustificaranse mediante certificado expedido polo tribunal ou órgano de selección que acredite a superación das probas selectivas corre-spondentes.

8ª.- Cualificación final e aprobación da lista

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada un dos distintos apartados de méritos valorables.

Concluída a cualificación do proceso de cualificación, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello o nome dos/das aspirantes por orde da puntuación total final, que serán os integrantes da lista de chamamentos para futuras contratacións/ nomeamientos.

En caso de empate na puntuación final, e para determinar a orde de prelación na lista, dirimirase a favor daquel/daquela aspirante que obteña maior puntuación no apartado relativo a experiencia profesional, no seu defecto, e en caso de persistir o empate, pola apartado B, e en último caso, de persistir o empate, polo apartado C) .

De conformidade coa a proposta feita polo órgano de selección aprobarase, mediante Decreto da Alcaldía, procederase a formular o nomeamento para o posto sinalado do candidato/a que obtivese a puntuación máis alta.

A resolución resolvendo o proceso selectivo publicarase no taboleiro de anuncios e no perfil do contratante do Concello.

9ª.- Formalización do contrato.

Mentres non se formalicen os respectivos contratos/ nomeamientos e non se incorporen ao posto de traballo, os/as aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable e estará suxeita á lexislación laboral pertinente.

10ª.- Normas finais.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletorio o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Os actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Terceira.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polas/polos interesadas/os nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concor-dantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

Cuarta.- As convocatorias, as resolucións aprobatorias das bases e cantos actos admin-istrativos se deriven delas, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas así como segundo a lexislación reguladora da xurisdición con-tencioso-administrativa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición con-tencioso-administrativa.

Larouco, 29 de xaneiro 2019. O alcalde.

Documento asinado electronicamente.

(Ver anexo páx. 16)



Anexo I
Modelo de instancia.
Solicitud para participar

Datos persoais

Primeiro apelido

segundo apelido

Nome DNI

tfno. particular teléfono móbil

domicilio para os efectos de notificacións.....

Municipio e provincia Código postal

correo electrónico

declaro:

- 1) Que coñezo na súa integridade as bases que rexen esta convocatoria.
- 2) Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.
- 3) Que autorizo ao Concello de Larouco para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Solicito:

Ser admitido na convocatoria citada, co fin de participar nas probas de selección correspondentes.

Larouco, de.....de.....

Asdo.:.....

Sr. alcalde do Concello de Larouco (Ourense)